

# 1. SIMULACRO PROBA DE DIAGNÓSTICO 3º PRIMARIA

## 1.1 Que é a proba de diagnóstico?

É unha **avaliación individualizada xeral para todo o alumnado que curso terceiro curso de primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**; está regulada polo actual marco lexislativo estatal LOMCE e concretada pola **Resolución do 24 de abril de 2015 da DXFPiE da Consellería de Educación**.

Ten carácter informativo e orientador e ten por finalidades:

- Aportar información individualizada do alumno avaliado.
- Aportar información e orientar aos centros en función dos resultados.
- Aportar información ás familias e a administración educativa sobre a aprendizaxe do alumnado.

Avaliarase o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación as competencias matemáticas e lingüísticas.

## 1.2 Cando se realizará no centro?

A devandita **PROBA OFICIAL REALIZARASE DURANTE O 27- 28 DE MAIO**:

**27 Maio:** Competencia en comunicación Lingüística (I) e Competencia Matemática (I)

**28 Maio:** Competencia en comunicación Lingüística (I) e Competencia Matemática (II)

Ao longo de toda a xornada con descansos pertinentes de 20/30 minutos.

## 1.3 Cando se fará un simulacro no centro?

O CEIP de LAREDO dentro das medidas de prevención, información e práctica de devandita proba realizará unha **PROBA PILOTO OS DÍAS 11 E 12 DE MAIO** con probas similares ás oficiais, para que o alumnado aprenda a xestionar os tempos, os formatos das preguntas, aprenda a priorización de preguntas e se planifique.

Prégase ás familias que incidan no alumnado na importancia de devanditas probas (SIMULACRO e OFICIAL) e facilitar a súa atención, concentración e sensibilización sobre a mesma.

Un saúdo.